

O anel máximo

de Carlo Goldoni

Dirección de MARIÑA RÍO MALLO

Grupo de Teatro "SPASMO"
do IES SANTA IRENE

MAIO DO 2016

O anel máximo é a obra que o grupo "Spasmo" do I.B. Santa Irene traballou durante o curso 1997-1998, baixo a dirección de Andrés Vila. Foi escrita en francés por Goldoni en 1764 e fíxose a estrea en París no ano de 1770. A obra orixinal é un guión con algúns diálogos completos e outros a penas esbozados. Estamos ante o exemplo dun xénero que deu gloria ao seu autor: a "comedia de carácter" ou "Comedia da Arte".

A posta en escena que realizamos, xa daquela, está inspirada nunha aclamada adaptación que en 1993 realizou Cándido Pazó para o grupo "Ollomoltranvía". Na nosa versión aprendemos co espectáculo: alteramos o número de personaxes, retornamos a escenas orixinais de Goldoni, axeitamos os diálogos, achegámonos ao público...

Disfrutade desta comedia de ciumes infundados, disfrutade co noso esforzo e esquecede as nosas insuficiencias e defectos.

Carlo Goldoni, nacen en Venecia en 1707 e morreu en París o 8 de xaneiro de 1793. Ao longo da súa vida a paixón polo teatro foi unha constante -din que escribiu unha comedia cando contaba oito anos; disque fuxiu dun colexio de relixiosos dominicos para seguir a unha compañía de cómicos; disque o volume da súa produción e calidade é comparable á de Lope de Vega e Calderón...

Goldoni cultivou todos os xéneros: a traxedia, a traxicomedia, o drama. a ópera, a ópera cómica- a comedia de carácter, a comedia de intriga e realizou innumerables pezas lixeiras cun número musical intercalado.

Mais Goldoni é famoso por ser o reformador da comedia italiana. Eliminou máscaras e bufonadas cun marcado acento trágico e escribiu comedias inspiradas no dramaturgo francés Molière, mais baseándose en personaxes e costumes italianos. A linguaxe e a trama das súas obras caracterízanse pola ledicia e desenfado, o realismo e unha fina e sabia observación da vida cotiá.

Reparto

Marta Comesaña Rodríguez*a actriz e escribán*

Brais Blanco Agra.....*arlequín*

Yaiza Lage Freitas.....*ladroa e filla da taberneira*

Kenya Fernández Upanga.....*ladroa e Pancraccio,*

Carmen Carbó Otero.....*dama do río e taberneira*

Juan González Alonso.....*capitán Milhomes*

Xulia Beiras Miranda*Arxentina*

Candela Rodríguez Conde.....*Lelio*

Maleda Graña Fernández.....*Escapín*

Aldara Cogolludo Prieto.....*Xuíz*

Laura Vázquez Barros..... *Tiburcio e Axudante I do Xuíz*

Xiomara Vidueira Delgado.....*Axudante II do Xuíz e Rosaura*

Paula Franco Cordeiro.....*Pantalone*

Dirección: MARIÑA RÍO MALLO

Responsable de Centro e coordinador da actividade de teatro: Bernardino Gándara Merino

ACTO PRIMEIRO

ESCENA I

(Aparece a actriz e séntase no escenario. Ponse a comer un bocadillo).

V.- Isto é o colmo. Parece mentira que estes "ghichiños" pensen que se nos pode vacilar desta maneira.

T.- ¡Aí! ¡Dálle aí! Que estes rapaciños dexeneran que dá gusto. O ano pasado foron incapaces de representar para nós e mira con que nos veñen agora.

A.- Seguro que é un proxecto euro-escénico-didáctico programado para dous anos!

L.- ¡Un momento! ¡Un momento! Eu aquí faría un pequeno matiz. Eu chamaríao: proxecto moderno-escénico-didáctico-paneuropeo.

T.- Pois eu chamaríao as parvadas dos de teatro, que van de divos.

Todos.- ¡Cala!

T.- Intentaredes silenciarme, pero eu non vou soportar esta bufonada, e xa que parece tan moderna, ¿por que non participar nela? *(Sae vestirse).*

V.- Aínda que non o pareza, ten un pouquiño de razón. Podemos axudarlles un pouco e así, inventamos o teatro interactivo. *(Sae vestirse).*

A.- A verdade é que non creo que lle roubasemos demasiado diálogo á protagonista.

R.- Si, resulta unha obra tan subxectiva, que parece de Descartes, pero sen Deus, porque de seguir así, aquí non vai quedar nin Deus.

O.- Pero que filósofo-pedante! ¿Isto podería ser de Becket?

R.- Que ven sendo como Descartes sen Deus. ¡E o outro dicía que era un proxecto escénico moderno!

L.- Para el moderno é todo o que non entende. Di que o latín é unha lingua moderna.

A.- Pois imos entrar nós tamén neste proxecto, non vaia ser que teñamos que volver a clase.

(Saen vestirse pasando polo escenario. O actor con xesto de resignación retírase.)

(Entra Arlequín e comeza a obra).

ESCENA II.

(Entra Arlequín, tristísimo. Trae unha bolsa. Na man leva unha carta)

ARLEQUÍN: *(ao público mentres lle ensina a carta)*. ¿Saben que é isto? Efectivamente! Unha carta de amor. *(Outra vez ao público)* ¿E saben onde a atopei? No mandil de Arxentina, a miña muller..., hai tres días! Daquela eu era un honre feliz, e agora son un desgraciado. Tres días hai que ando perdido por esta fraga. *(Escoitase o canto dos paxaros)* Sen comer e sen durmir! ¿Que podo facer? *(Ponse contento pois atopa a solución)*. Xa sei... matarme! Como manda a tradición. Queda tan bonito! *(ao público)*. Non terá alguén de vostedes unha pistola, ou un coitelo, ou unha corda, ou... un río!, esta é a miña!. Voume afogar..., pero antes teño que escribir unha nota para que Arxentina sufrira polos remorsos. *(Ponse a buscar un papel na bolsa pero vai atopando outras cousas)*. Pan! Home, pois a verdade é que teño fame... *(Vai meterlle o dente pero detense)* Non, non teño fame..., fóiseme para sempre coa traizón de Arxentina! Chourizo! *(ao público)* En fin, creo que non se me foi a fame de todo. *(Vai comer pero córtase, autoconvencéndose)* Sí, fóiseme de todo! *(Decide desfacerse da tentación. Tira o pan, o chourizo e, finalmente o anaco de queixo que tamén atopou na bolsa)* Adeus pan, adeus chourizo, adeus praceres pequenos, adeus queixo queridísimo non sei cando nos veremos... Velaquí! *(Atopa o papel e escribe)*.

(Aperecen dúas mulleres; non se achegan pero miran a Arlequín)

MULLER 1: Mira, iun home!... está escribindo.

MULLER 2: Si... e ten unha bolsa.

MULLER 1: Acheguémonos e roubémoslla, seguro que atopamos cartos ou algo de valor.

MULLER 2: A modo, Oin un ruído por aí...

MULLER 1: Si?!..., Mellor deixalo polo de agora..., xa veremos máis tarde.

MULLER 2: Si, este non se nos escapa. *(Vanse, mais quedan)*.

(Remata Arlequín de escribir)

ARLEQUÍN: Xa está! *(Le para el e chora un pouco)* Non é doce a escritura, senón a máis amarga...! Agora a morrer. *(Dispónse a tirarse ao río)* Unha, dúas e...

A DAMA DO RÍO: ¡Quietos! ¿onde vas desgraciado?

ARLEQUÍN: ¿Que pasa? ¿Quen me fala?

A DAMA: ¡Alto dixen!

ARLEQUÍN: Voume afogar e ninguén poderá impedirlo. Se me ven amolar, vai vostede por diante.

DAMA: Aínda non chegou a túa hora.

ARLEQUÍN: *(ao público)* Non sabia que había que pedir hora... ¡Ata para matarse hai lista de espera! Pois déame número.

DAMA: Meu amigo, non quero amolarte. Confíame os teus pesares, e eu prométoche unha solución.

ARLEQUÍN: Mire, sonlle moi desgraciado.

DAMA: ¿Como te chamas?

ARLEQUÍN: Son Arlequín.

DAMA: ¿De onde es?

ARLEQUÍN: ¿Non o sabe? De Goldoni.

DAMA: ¿E o teu oficio?

ARLEQUÍN: Son representante e proveedor de produtos lácteos... ¡Son vendedor de queixos!

DAMA: ¿Estás casado?

ARLEQUÍN: Estou, e é a miña desgracia.

ARLEQUÍN:

DAMA: ¿De que te queixas?

ARLEQUÍN: Da infidelidade da miña muller.

DAMA: ¿Non serán ciúmes? Mira que os homes sodes moi parvos.

ARLEQUÍN: Lea esta carta! Unha carta de amor do mozo que lle fai as beiras á miña muller.

DAMA: ¿A que se dedica a túa muller?

ARLEQUÍN: Serve nunha casa, é a criada da filla da familia. Mais, xa abonda de cháchara! Teño razóns na memoria, que non podo esquecer, razóns para morrer.

DAMA: Déixate de parvadas, ¿ves isto?

ARLEQUÍN: Vexo, si, ¿un anel?

DAMA: Un anel máxico.

ARLEQUÍN: ¿México?

DAMA: Máxico! Se o pos no dedo esquecerás as túas penas. A túa mente ficará en branco e non te lembrará de nada.

ARLEQUÍN: ¿De nada? ¿Esquecerei o pan, o viño, o chourizo, o xamón...?

DAMA: Home, perderás a memoria mais non o caletre; ficarás desmemoriado, mais non parvo. ...

ARLEQUÍN: ¿o queixo, as patatas, a empanada, os ovos fritos,...?

DAMA: Seguirás tendo as mesmas necesidades, os mesmos sentimentos, paixóns e costumes! Perderás soamente o recordo do pasado.

ARLEQUÍN: ¡Pois entón non se fale máis! *(Pon o anel no dedo e sofre unha transformación).*

DAMA: ¿Que, como te sentes?

ARLEQUÍN: ¿Que pasa, quen é vostede?

DAMA: Perfecto, funciona. escoita, cando penses que os teus males xa pasaron tira o anel; mais se o que ves non che gusta, pono de novo e esquece... . Esquece Arlequín, na memoria aniña a infelicidade. *(Vaise)*

ARLEQUÍN: Raro sitio este; parece unha fraga. ¿Quen sería esa muller que me falaba? Síntome lixeiro..., coma se non tivese nada dentro..., nada *(boquexa)*..., nada máis que sono. Bonito lugar para botar unha soneca. *(Adormece)*

(Aparecen as mulleres)

MULLER 1: Foise a meiga.

MULLER 2: Que medo! ¿e o noso home?

MULLER 1: Está aí durmindo.

MULLER 2: ¿Batémoslle?

MULLER 1: Non. Se dorme... e nos deixa traballar... poderemos aforrarlle a malleira.

MULLER 2: Ti míralle a bolsa e eu cachéolle os petos.

MULLER 1: Vaia, pero que guapo é! *(Baléiralle a bolsa)*

MULLER 2: Neste peto non hai nada..., neste outro..., ianda! iten un buraco!
(Entretense)

MULLER 1: ¿Que? ¿Ten algo?

MULLER 2: ¡Non ten nada! Espera, espera, ¿que lle deu a meiga esa do río? ¡Un anel!
Leva un anel no dedo.

MULLER 1: A por el.

MULLER 2: Non sae...

MULLER 1: Córtalle o dedo.

MULLER 2: Agora mesmo.

MULLER 1: Ven alguén e diría que armado. *(Aparece o Capitán Milhomes)*

CAPITÁN MILHOMES: ¡Vinde, vinde! *(As mulleres van cara o capitán)*. Vinde de un en un. . ., de dous en dous..., de cento en cento..., de mil en mil...! Vinde que por moitos que sexades, poucos habedes de ser para a miña destemida furia..., que de media estocada das miñas..., esfarévolos, esnaquízosos, esmigálovos, es es..., es..., está visto que non hai..., e onde non hai, non hai. *(As mulleres foxen berrando. O Capitán, impresionado da a volta e non ve a ninguén)*. ¿Quen anda aí? ¿Ninguén? *(Asustado)* Menos mal. *(Fanfarrón)* ¡Menos mal! Porque de haber alguén, obrigado sería que lle medise o tubo dixestivo co gume da miña espada. *(Repara no público)* Ah! Desculpen distinguidísimas damas se as asustei con tanta rabia e furibundísima entrada, mais nada han de temer que quen é león de cen cabezas, é mansa ovelliña e gatiño agarimeiro para as féminas e tenras criaturas. Permítanme que me presente: Capitán Sansón Souto Castro Outeiro Ceo de Deus e Orballo de Castiñeiro Chao, flor da nobreza de Fefiñáns, máis coñecido -e temido- como Capitán Milhomes, ao seu servicio.

¡Un home! *(Achégase con medo)* Está morto... *(Desafiante)* Máis lle vale, que de non

estalo... ! *(Atopa o papel que deixou Arlequín)* Un papel! Vexamos que di. *(Le)* "O que escribiu esta nota xa non existe. Tirouse ao río e afogou. Por piedade, ti que atopaches o meu corpo, fai que sexa levado ata a cidade e que alí sexa mostrado á súa viúva para que, morrendo remordida polos remorsos, pague pola súa traizón".

Pobre home nin tempo tivo a suicidarse, que escoitando os meus arrepiantes desafíos morreu có susto. Levareino ata a cidade tal como mo pide. *(Vai onde Arlequín, dálle unha serie de ordes que este somnábulo, obedece)* Firmes por tempos! Tempo un! Tempo dous! Tempo tres!. Esquerda, Ar! De fronte, paso, mortuorio, Ar! Ninguén se lle resiste ao Capitán Mil Homes, ata os mortos lle obedecen.

(Saen de escena)

ACTO SEGUNDO.

*(A escena representa unha cidade Cunha fonda na que hai un letreiro que di:
"Sérvense xantares. Garántese limpeza).*

ESCENA PRIMEIRA.

(Aparece Arxentina con Lelio e Escapín)

ARXENTINA: Arlequín! ¿Arlequín, onde estás? Hai tres días que marchou da casa, e non sei nada del. Busqueino por toda a cidade e non teño noticias do seu paradiro.

LELIO: Mira Arxentina teste que tranquilizar. Arlequín seguramente marchou para se prover de queixo, ¿non é o seu comercio?

ARXENTINA: Se así fose, el faríamo saber. Temo que lle metesen na cabeza algúns ciúmes infundados.

LELIO: Pero iso é imposible, ti es unha muller honesta, ¿ou....?

ARXENTINA: Nin o penses! Temo que sexas ti a causa da miña desgracia.

LELIO: ¿Eu..., e como?!

ARXENTINA: Desde que me prestei a ser cómplice dos teus amores con Rosaura, e levar e traer as túas cartas, hai algúns días que me desaparecen unha dos meus petos. Seguro que foi Arlequín quen ma colleu, e como non tiña enderezo, pensará que a carta é para min; estou perdida!

LELIO: Sinto ser a causa da túa desgracia.

ESCAPÍN: Pero, ¿ti estás segura? Eu coñezo ben ó ten home; el faríache reproches antes de marchar, e todo se descubriría.

ARXENTINA: Non coñeces realmente ó meu Arlequín, é un dos homes máis ciumentos da cidade; pero malia os seus defectos eu amareino toda a vida.

LELIO: Non penses niso, seguro que ten que ver cos negocios, tranquilízate Arxentina. ¿Poderías levarlle outra carta hoxe a Rosaura?

ARXENTINA: *(Furiosa)* Nunca máis, e non direi cousas peores por ser ti quen es, o fillo do meu amo.

LELIO: *(Cóllelle a man e bótase ós seus pés)* Non fales así, Arxentina, no me abandones, es á miña recadeira preferida, a máis bonita, intelixente, discreta,...

ARXENTINA: ¡Xa está facendo o de sempre, botándote aos meus pes! Se acaso o meu home nunha destas o chegase a ver nesta postura non esperaría máis para me abandonar.

ESCAPÍN: Abofé que calquera outro, aínda non sendo tan ciumento faría o mesmo.

LELIO: Arxentina, prométoche que farei que o busquen por toda a cidade e polas vilas dos arredores, pero... lévalle a Rosaura esta carta namorada!!

ARXENTINA: Non Lelio, non contes máis comigo. ¡Eu só quero atopar ao meu Arlequín!
(Vaise)

(Lelio e Escapín fican sen saber que facer ou que dicir)

ESCAPÍN: ¿Por que non falas con algún amigo do pai de Rosaura?

LELIO: Xa o fixen pero o pai de Rosaura non está na cidade.

ESCAPÍN: Dille que lle escriba e lle pida o seu consentimento.

LELIO: Tamén o fixen, e agora espero con impaciencia a resposta. Mira, vou ó correo para ver se hai carta. *(Vaise Lelio)*.

ESCENA SEGUNDA.

(Entra en escena o Capitán Milhomes con Arlequín; Escapín escóndese e mira sorprendido).

CAP. MILHOMES: ¡Alto, ar! ¡Descanso, ar! A discreción. *(Arlequín deitase)*. Amigo morto, ti espera aquí... Que eu vou buscar á malvada que a tan malvado fin te conduciu, para que vexa o resultado da súa perversa perversidade. *(Vaise o Capitán Milhomes)*.

ARLEQUÍN: *(Espertando)* Que ben durmín..., e iso que tiven uns soños ben raros: dúas ladroas querían roubar-me e logo eu seguía a un señor nun desfile a paso mortuorio..., debe ser cousa da fame... *(Mira á redor e le un suposto cartel)* ¡Ah, estou, de sorte, xusto o que precisaba! *(Le)* "Sérvense xantares".

(Aquí Escapín vai onda el para abrazalo. Arlequín asústase e sae fuxindo. Escapín reteno)

ESCAPÍN: ¿Como, querido Arlequín, que tes contra min que así me rexeitas?

ARLEQUÍN: ¿Eu...? Eu, señor, non o coñezo de nada.

ESCAPÍN: ¿Que non coñeces ao teu amigo Escapín?

ARLEQUÍN: O de Escapín será , se vostede o di, mais de meu amigo..., creo que se trabuca.

ESCAPÍN: ¡Ah, meu querido Arlequín!

ARLEQUÍN: ¿Arlequín?

ESCAPÍN: Si, teño moitas cousas que che dicir, meu querido Arlequín.

ARLEQUÍN: ¿Son eu "Arlequín", logo?

ESCAPÍN: Home..., a non ser que en tres días cambiases de nome...

ARLEQUÍN: Píddolle perdón, señor, non sabía que me chamase "Arlequín".

ESCAPÍN: Sempre tan retranqueito...

ARLEQUÍN: Xa que di que é vostede meu amigo, ¿podería dicirme que hai que facer para entrar nese sitio onde din que dan de comer?

ESCAPÍN: ¿E por que queres comer na taberna, por que non vas comer á casa da túa muller?

ARLEQUÍN: ¡¿A miña muller?!

ESCAPÍN: Si, a túa muller, a que tanto te ama, a que....

ARLEQUÍN: A modiño, señor, ¿daquela teño unha muller? ¿eu?

ESCAPÍN: E logo..., a túa querida Arxentina, que é a muller máis agarimeira e fiel do mundo. Escoita, enganácheste meu amigo. A carta que atopaches na súa faldriqueira...

ARLEQUÍN: Xa está ben, señor... estase trabucando, eu non o coñezo de nada. E ben podería ser un pouco máis amable, teño fame e vou xantar...

ESCAPÍN: Non meu querido Arlequín. *(Impídelle ir á taberna)*

ARLEQUÍN: O que me faltaba, morro coa fame e....

ESCAPÍN: Ven comigo, imos onda túa muller...

ARLEQUÍN: ¡Eu non teño muller!

ESCAPÍN: ¡Xa vexo que é a carraxe a que te fai falar así! Mais, ¿por que non vas a aclarar as cousas e te libras de tanta anguria? Ven comigo.

ARLEQUÍN: Nada diso señor ¡Eu non quero saber nada de vostedel!

ESCAPÍN: ¿E iso por que?

ARLEQUÍN: Porque non gusto nada da súa fasquía.

ESCAPÍN: Pero eu non che fixen nada.

ARLEQUÍN: É igual.

ESCAPÍN: Foi outro o que te incomodou...

ARLEQUÍN: É vostede mesmo quen me incomoda.

ESCAPÍN: Non é de lei que me fales así.

ARLEQUÍN: Digo o que penso, e aínda por encima podería dicir máis.

ESCAPÍN: ¿Ao teu amigo?

ARLEQUÍN: Si, "amigo"

ESCAPÍN: ¿A Escapín?

ARLEQUÍN: Ata máis ver, señor Escapín. *(Vaise)*

ESCAPÍN: Teño que avisar a Arxentina e ao meu amo Lelio. Hai que desfacer este lío.
(Vaise)

ESCENA TERCEIRA.

(Volve Arlequín).

ARLEQUÍN: Por fin foise. É ben raro..., Díxome que me chamaba Arlequín. Se tal fose... Mais, como podería saber o meu nome se nin eu mesmo o sei. Díxome que tiña unha muller; que parvada, eu unha muller... .

(Sae da taberna unha moza, é a filla da taberneira).

MOZA: ¡Por fin sae o sol..., vou montar a terraza! *(Repara en Arlequín).* Señor...

ARLEQUÍN: ¿É aquí onde dan de comer?

MOZA: Damos, si señor

ARLEQUÍN: ¿E danlles a todos?

MOZA: A todos, *(cortándolle o paso a Arlequín)* A todos os que pagan.

ARLEQUÍN: ¿A todos os que pagan? ¿E con que pagan?

MOZA: En principio con diñeiro.

ARLEQUÍN: ¡¿Diñeiro?! ¿E que é iso do diñeiro?

MOZA: *(Para si)* Este ou vai de listo, ou fai o parvo.

ARLEQUÍN: ¿E quen non teña diñeiro non lle dan de comer?

MOZA: Non señor.

ARLEQUÍN: ¿E déixano morrer de fame?

MOZA: Eu non sei nada, eu non mando na taberna.

ARLEQUÍN: ¿E logo

MOZA: Así..., eu non mando nela... .

ARLEQUÍN: ¿Como?

MOZA: A taberna será miña..., pero eu vivo coa miña nai.... así que ela é a que manda.

ARLEQUÍN: Pois dille á túa nai que teño fame pero que non teño diñeiro.

MOZA: Lévala clara...

ARLEQUÍN: ¿Que?

MOZA: Nada, nada. . ., irei señor, pero eu de vostede non me fiaría moito. O que eu dicía, vai de listo. (*Mira ó ceo*) ¡Vaia, e vaise o sol, que ano! (*Vaise*)

ARLEQUÍN: Pois si que debe ser importante iso do diñeiro. Seguro que é unha cousa así de grande...

ESCENA CUARTA.

(*Entra TIBURCIO, acredor de Arlequín*)

TIBURCIO: ¡Arlequín! (*Arlequín asústase. Tiburcio fálalle ao público*). Por fin, os días que levo buscando a este home para cobrarlle os vinte pesos que me debe. (*Fálalle a Arlequín*). ¡Meu querido Arlequín!

ARLEQUÍN: (*Ao público*) ¿Arlequín? ¡Outro máis que me chama así! (*A Tiburcio*). Mire, eu no sei...

TIBURCIO: (*Interrómpeo*) Non é que te estivese buscando, pero xa que te atopei, o certo é que necesitaba falar contigo...

ARLEQUÍN: Perdón, creo que hai unha confusión...

TIBURCIO: (*Sen oílo*) O caso é que me farías un grande favor se... ¿Como dicircho...? Non sabes o gusto que me daría que ti... (*estarrícalle a man*)

ARLEQUÍN: ¿Gusto?

TIBURCIO: Si... (*senal a man*)

ARLEQUÍN: (*Cóllelle a man e faille cóxegas nela*) Palma repalma, chica morena, ¿como a prefires, grande ou pequena?

TIBURCIO: (*Solta a man rindo*) Ti sempre tan gracioso. Eu non é que queira apurarte, pero xa sabes, ás veces hai necesidade... (*ponlle outra vez a man*).

ARLEQUÍN: (*Ao público*) Debe necesitar que lle lean o futuro, ese tal Arlequín co que parece que me confunde todo o mundo, seguro que é un adiviño. (*Miralle a man. Cóselle nela para aclarala*) Véxolle un futuro moi negro, señor: (*lendo a man*) como siga aquí un tempinho máis, vai levar un... ¡un bo desgusto!

TIBURCIO: ¿Un futuro moi negro?

ARLEQUÍN: ¡Negrísimo!

TIBURCIO: ¿Un bo desgusto?

ARLEQUÍN: Siii, un desgusto enorme.

TIBURCIO: Que bromista ,que bromista. Pero cos negocios non se bromea. *(Pon outra vez a man)* Ti xa me coñeces.

ARLEQUÍN: *(Chocándolle a man)* Pois non señor, eu no o coñezo, así que ata logo e que lle vaia ben... *(Comeza a irse)*

TIBURCIO: Pero Arlequín, non entendo...

ARLEQUÍN: Menos entendo eu..., non o vin na miña vida e quere que o coñeza...

TIBURCIO: ¿Como non me vas coñecer? Eu son Tiburcio.

ARLEQUÍN: ¡¿Tiburcio?! ¡Eu non coñezo ningún Tiburcio!

TIBURCIO: Pois ben que me coñecías cando me pediches o diñeiro.

ARLEQUÍN: ¿Diñeiro? ¡Outro! ¿E iso que é?

TIBURCIO: ¡E iso que é? ¿E iso que é? Déixate de pallasadas e devólveme os vinte pesos que che emprestei.

ARLEQUÍN: Mire señor, eu non sei de que me fala..., e coa lareca que teño non estou para adiviñas, así que vou á taberna...

TIBURCIO: *(Cortándolle o paso)* ¡Diso nada! ¡Non vou permitir que gastes na taberna o diñeiro que me debes!

ARLEQUÍN: ¡Que teima con iso do diñeiro!

TIBURCIO: ¿Por que non vas á túa casa que é máis barato?

ARLEQUÍN: Porque non teño casa.

TIBURCIO: ¡¿Como que non?! A da túa muller.

ARLEQUÍN: Tampouco teño muller.

TIBURCIO: ¡¿Como que non tes muller?! ¡¡Arxentina!!

ARLEQUÍN: Eu non coñezo ningunha Arxentina.

TIBURCIO: ¡Isto é o colmo do escándalo! ¡Denunciareite aos tribunais! *(índose)* Acabas de perder un amigo.

ARLEQUÍN: *(Ao público)* ¿Un amigo? Eu xa escoitei tal cousa... É igual, se os amigos son coma ese, máis vale perdelos que gañalos. ¡En fin, morro coa fame!

ESCENA QUINTA.

(Entra Pancraccio, un debedor de Arlequín)

PANCRACIO: ¡Arlequín!

ARLEQUÍN: *(Ao público)* ¡Outro que me chama así! ¡E tampouco o coñezo de nada!

PANCRACIO: ¡Meu amigo!

ARLEQUÍN: ¡¿Amigo?! Mire, se me dá a gana de entrar na taberna entro, ¿vale?

PANCRACIO: *(Estrañado)* ¿Na taberna?

ARLEQUÍN: ¡¡Si!!

PANCRACIO: Pois non é mala idea..., vamos...

ARLEQUÍN: Vamos... *(Van xuntos cantando. Pero Arlequín detense)* ¡Alto, non pode ser, eu no teño diñeiro!

PANCRACIO: ¿Diñeiro? Xustamente eu, querido amigo...

ARLEQUÍN: *(Interrompéndoo)* ¡Non me veña con contos, eu non lle debo nada!

PANCRACIO: Pois claro que non...

ARLEQUÍN: ¿Ah, non?

PANCRACIO: Non.

ARLEQUÍN: ¿Entón por que me chama amigo?

PANCRACIO: Porque o es.

ARLEQUÍN: Vaia, eu pensaba que os amigos só estaban para amolalo a un e pedirlle diñeiro.

PANCRACIO: Pois eu estou para darcho.

ARLEQUÍN: ¿Para darmos?

PANCRACIO: Si, toma...

ARLEQUÍN: ¿Isto é diñeiro?

PANCRACIO: Claro, cen pesos...

ARLEQUÍN: *(Contento)* ¡Diñeiro! *(Desconfiado)* Un momento, ¿e por que mo da?

PANCRACIO: Para devolverche o préstamo que me fixeches..., ¿non te lembras?

ARLEQUÍN: Non. Así que tome, que un amigo que che pide diñeiro é mala cousa, pero un que cho dá, aínda pode ser peor...

PANCRACIO: Non, non, non, non, non, é teu.

ARLEQUÍN: Non, non, non, non, non o quero.

ARLEQUÍN: Pois eu tampouco.

*(Pugnan, un por non aceptar o diñeiro, outro por non aceptar que non llo acepte... .
Pancracio decide irse levando o diñeiro)*

PANCRACIO: Está ben, algo che ocorre. Dareiche o diñeiro cando recobres o sentido:
(Índose).

ARLEQUÍN: ¡Un momento! ¿E ese diñeiro serve para que lle den a un de comer?

PANCRACIO: ¡Grandísimo tolo! ¿Que estás insinuando, que o meu diñeiro é falso?
¿Como podes desconfiar de min? ¡Toma, aí che queda..., *(tirándolle a bolsa)* Xa non es máis o meu amigo! *(Vaise).*

ARLEQUÍN: ¡Menos mal, un amigo menos! *(Examina a bolsa do diñeiro, primeiro con precaución, logo confiado. Remexe: clin, clin, clin).* Así que isto é o tal diñeiro..., pois a verdade é que non parece unha grande cousa...

ESCENA SEXTA.

(Niso óese a voz de Arxentina e o Capitán tras o pano).

ARXENTINA: ¿Como?

ARLEQUÍN: Ven alguén.

ARXENTINA: ¿E está certo?

CAP. MILHONES: Certísimo.

ARXENTINA: ¿E vostede quen é?

CAP. MILHONES: Digamos que..., un amigo.

ARLEQUÍN: ¡Outro amigo! Será mellor esconderse.

(Arlequín escóndele e ve sen ser visto. Entra Arxentina, desesperada, empurrada polo Capitán que non mira)

ARXENTINA: ¡Meu homiño! *(Vendo que non hai ninguén)* Pero...

CAP. MILHONES: *(Sen querer ver)* ¡Cala..., cala e mira...!

ARXENTINA: ¡¿O que?!

CAP. MILHONES: ¡Mira o que conseguiches coa túa pérfida perfidia..., mira ti, que eu non me atrevo, que malia ter visto as mais terribles, terroríficas, aterradoras e arrepiantes escenas nos meus cento e pico anos de servicio, aguantando a pé firme e sen pestanear..., hai algo ao que nunca puiden afacerme: a traizón amorosa, o vil engano da cruel amada...

ARXENTINA: Pero señor...

CAP. MILHONES: ¡Cala, digo! *(Fala de xeito grandilocuente)* Aí o tes..., malpocado, antes era algo..., ¿e agora..., agora que é?

ARXENTINA: Nada.

CAP. MILHONES: ¡Pola túa culpa! Antes aí había un home..., un ser que respiraba, que ría, que choraba, que durmía, que roncaba...

ARXENTINA: *(Interrómpeo)* Pero señor...

CAP. MILHONES: *(Cortando a súa disertación)* ¡Cala que non acabei! *(Recupera o ton anterior)* ...que comía, que bebía, que falaba, que cantaba,...

ARXENTINA: *(Corta outra vez máis impaciente)* Pero mire que...

CAP. MILHONES: *(Cabreado)* ¡Hui que lío! ¿quere deixarme acabar señora? *(Rematando)* ...Antes aí había alguén... ¿e agora que?

ARXENTINA: Ninguén.

CAP. MILHONES: *(Dando a volta)* ¡Ninguén! *(Vendo que non hai ninguén)* ¡¿Ninguén?!
¡Pero se estaba aí!

ARXENTINA: ¿Que estaba aí?

CAP. MILHONES: ¡O morto!

ARXENTINA: ¿Que morto?

CAP. MILHONES: ¡O que estaba aí! *(Enfádase e berra)* ¡Ahhh, ladróns de cadáveres!
(Córtase, ten medo) Señora bote unha ollada por aí, a ver se hai alguén...

ARXENTINA: *(Mira)* Non hai ninguén.

CAP. MILHONES: ¿E polo outro lado?

ARXENTINA: *(Comproba)* Tampouco.

CAP. MILHONES: ¿Seguro?

ARXENTINA: Seguro....

CAP. MILHONES: ¡ ¡ ¡Ahhh, ladróns de cadáveres, roubamortos, corvos, voitres ...
¿Como vos atrevedes cos finados, sempre tan calados, tan dóciles? ¡Atrevédevos
comigo que son a mesmésema bravura en forma de xente!! ¿Onde estades? *(Vaise)*
¡Se vos collo..., se vos collo...!

ARXENTINA *(Soa)* ¡Será tolitates! ¡E non dicía que o meu home estaba morto...! ¡Que
susto me deu! ¡Tres días hai que me falta da casa! E o caso é que teño a impresión
de que non anda moi lonxe... ¡Teño que atopalo! *(índose)* ¿Onde se
metería? *(Vaise)*.

ARLEQUÍN *(Saindo do seu agocho)* ¡Que muller! ¡Como me gusta! E anda buscando ao
seu home.... ¡Quen me dera selo eu! *(Ao público)* ¿E se vou tras dela por se non o
atopa e precisa un sustituto? *(Vaise)*.

ESCENA SÉPTIMA.

(Entran o Xuíz, dous Axudantes e un Escribán).

XUÍZ: Arlequín, requeremento xudicial para o señor Arlequín, por denuncia
interposta polo señor Tiburcio! *(Comproban que non está)*. Vaia, non está..., pois
dixéronme que o encontraría resta praza.

AXUDANTE 1º: Pois si señor, dixéronllo.

XUÍZ: Apliquemos a lóxica e vexamos onde nos leva, ¡Tome nota escribán!

ESCRIBÁN: Tomo nota, señor Xuíz.

XUÍZ: Ben, se non está é que se foi, se se foi é que fuxiu..., *(senalando ao axudante 2º)*

AXUDANTE 2º: Se foxe é que ten medo, se ten medo é que non é bo..., *(o xuíz sinala e manda seguir ao axudante 1º)*

AXUDANTE 1º: Se non é bo, é que é malo, se é malo renegará da xustiza, ...

(o xuíz aproba cun xesto de aplauso).

XUÍZ: Se renega da xustiza, andará fuxido, o que anda fuxido, foxe, e quen foxe non está.

AXUDANTE 1º: Que ben! ¡Comprobámola hipótese!

XUÍZ: ¡Perfecto, a instrucción do proceso non podía comezar con máis acerto e dilixencia! Agora compre topar un alguacil para que inicie a busca e captura do renuente. *(Fai un sinal ao axudante 1º que marcha buscar un alguacil).*

AXUDANTE 1º: *(índose)* Alguacil! Alguacil! Onde hai un alguacil!

(Vaise o axudante 1º)

XUÍZ: ¿O señor escribán tomou nota de todo?

ESCRIBANO: Si señor xuíz, tomei de todo de todo. ¿E que fixo este... Arlequín? Se non é moito preguntarlle.

XUÍZ: Teño que reclamarlle unha débeda..., porque *(mándalle cun xesto ao escribán que tome nota)* o que debe non paga, e o que non paga non cumpre, e o que non cumpre non é de lei, a lei é a guía do dereito, o dereito é o contrario do torto, torto é o mesmo que chosco, o chosco é o rei dos cegos, e os cegos..., os cegos....

AXUDANTE 2º: ¡Os cegos son os que venden a lotería, señor xuíz!

XUÍZ: ¡Que instrucción! E, ¿que é a lotería?

AXUDANTE 2º: Un xogo de azar.

XUÍZ: ¿E que é o azar?

(O Axudante 2º dubida.)

ESCRIBÁN: Eu seino, eu seino,... O azar é a sorte, o fado, a fortuna,...

XUÍZ: Siii!, esa deusa caprichosa e implacable que rexe os destinos do universo.
Que instrucción!

ESCRIBÁN: ¿E de onde ven o universo, señor xuíz? Se pode preguntar.

XUÍZ: De "uni" e "verso"...

AXUDANTE 2º: Verso é igual a poesía!

AXUDANTE 2- E ESCRIBÁN: ¿E que é a poesía?

XUÍZ: ¿E preguntanmo vostedes...? Ahhh, que instrucción!

(Desde fóra escóitase a chegada do axudante 1º e o Cap. Milhomes)

CAP. MILHONES: ¡¿Alguacil, alguacil eu?! ¿Pero vostede sabe con quen está a falar? Saiba señor que cando eu vin ó mundo Marte entrou nos meus ombros, Mercurio no brazo dereito e Xúpiter no esquerdo; de xeito que asistido por estas extraordinarias forzas, cando camiño a terra treme, o ceo abraia, o vento cesa, o mar...., e aínda máis, ó meu paso as mulleres préñan sen darse conta.

XUÍZ: Que instrucción! ¿Quen é este home?

AXUDANTE 1º: É o Capitán Milhomes.

XUÍZ: Pois perdoe logo a miña confusión..., pero Marte, Mercurio e Xúpiter, mellor serán que un vulgar capitán para axudarme a executar unha cuestión de diñeiro.

CAP. MILHOMES: ¡¿Diñeiro, dixo diñeiro?! Pois saiba vostede que para o Capitán Milhomes o diñeiro, ese ruin e innobre metal, non conta, o que conta é a honra e o valor.

XUÍZ: Evidentemente..., evidentemente..., evidentemente haberá que substraer unha comisión para a parte lexislativa e outra para a parte executiva...

CAP. MILHOME: ¡¿Unha comisión?! *(Pensándo)* ¿Con cantos hai que enfrontarse?

XUÍZ: Con un.

CAP. MILHOMES: *(Encantado)* ¡Con un só! *(Disimulando)* ¡Así fosen mil! ¿Cal é o caso?

XUÍZ: O señor escribán vaille relatar os feitos. Proceda.

ESCRIBÁN: Pois resulta que o señor Arlequín débelle vinte pesos ao señor Tiburcio. E xa está; o noso deber é cobrarlle a tal débeda. E perdoe se non lle dicimos nada máis, é que temos que respectar o segredo de sumario.

CAP. MILHOMES: ¿E di que o tal Arlequín non llo quere devolver?

AXUDANTE 2º: Aducindo que non o coñece.

AXUDANTE 1º: ¡Hui, que vivo!

AXUDANTE 2º: ¡Desde logo!

CAP. MILHOMES: Vamos, que por moi vivo que sexa, comigo é home morto.

XUÍZ: Divide e vencerás..., vostede capitán, pescude por alí, que eu mirarei por alá. *(Vanse)*

CAP. MILHOMES: *(Antes de irse)* Un momento, un momento..., se alguén ten que deseñar unha estratexia, ese é o estamento militar. *(Volven ao mesmo sitio de partida e o capitán indica exactamente as mesmas direccións que o Xuíz)* Así que mellor imos facer o seguinte: vostede Mire por alá, que eu pescudarei por alí.

XUÍZ.- *(Aos axudantes)* O que sabe, sabe. *(Vanse todos)*

(Entra Arlequín)

ARLEQUÍN: Nada..., levo percorrido media cidade e nada..., perdina de vista... . E dicía que o seu home leva tres días sen aparecer pola casa..., desde logo, Deus dálle pan a quen non ten dentes..., Se fose eu! En fin..., *(boquexa)* ..., estou derreado de tanto ir e vir por esas rúas..., durmirei un pouco..., a ver se soño con ela.

(Entra de novo o Capitán e ve a Arlequín exactamente no mesmo sitio onde o deixara na primeira escena. Tamén aparecen o Xuíz e os seus axudantes).

CAP. MILHOMES: ¡Aí o está!

XUÍZ: ¿O vivo?

CAP. MILHOMES: ¡Non, o morto!

XUÍZ: ¡Morto! Pois si que procedeu vostede de groso modo..., non debeu vostede matalo sen cobrarlle antes!

CAP. MILHOMES: ¡Eu non o matei, matouse el!

XUÍZ: ¿Por unha débeda?!

CAP. MILHOMES: ¡Non, por unha muller ...vouna avisar! *(Índose)* ¡Señora! *(Sae)*

XUÍZ: ¡Vaia, vaia! ¡Que instrucción! *(Aos axudantes)* ¿E quen nos garante que é realmente o interfecto...?

ESCRIBÁN: Co seu permiso, señor Xuíz, pode preguntarllo, e así seguimos o procedemento.

XUÍZ: Pois é unha boa idea. *(Diríxese a Arlequín.)* Señor morto, ¿é vostede Arlequín?

AXUDANTE 1º: Non di nada...

AXUDANTE 2º: O que cala outorga, ergo é Arlequín.

XUÍZ: Continuemos, ¿Señor morto, nega que lle debe vostede vinte pesos ao señor

Tiburcio?

AXUDANTE 1º: Non o nega...

AXUDANTE 2º: Ergo débello.

XUÍZ: Escribán, proceda a lectura do regulamento.

ESCRIBÁN: Realizada a identificación e admitidos os cargos imponse efectuar unha inspección ocular "córporo in sepulto" por se tivese algunha pertenza susceptible de embargo "in artículo mortis" coa que sufragar a devandita débeda.

(Os axudantes buscan entre as roupas de Arlequín)

AXUDANTE 2º: Nada por aquí, nada por alí...

AXUDANTE 1º: *(Atopa o papel da declaración de suicidio)* ¡Ahá, aquí hai unha carta!

XUÍZ: Masculino de carta, carto; plural de carto, cartos! ¿Ergo?

AXUDANTE 2º: ¡Eu sei! ¿Onde hai cartas, ten que haber cartos!

(Buscan)

AXUDANTE 1º: *(Repara na bolsa do diñeiro)* ¡Velaquí o "corpus delicti"!

AXUDANTE 2º: É dicir, o diñeiro. *(Pásalle a bolsa ao Xuíz.)*

XUÍZ: *(Axita a bolsa)* Cen pesos. *(Vai collendo moedas)* Vinte pesos pola débeda, cinco polos intereses de demora, dez por costas, dez por papeleos, quince por taxas, peritaxes e anexas, cinco polo I.R.P.F., ai non, que subiu! dez polo I.R.P.F., cinco polo I.V.E., e cinco máis por..., por...

ESCRIBÁN: Por se acaso.

XUÍZ: Ben polo redondeo. Xa podemos marchar. ¡Que instrucción, non lembro nada igual, amigos.

(Saen; Arlequín esperta e queda sentado sobre a bolsa do diñeiro)

ARLEQUÍN: ¡Que ben durmín..., agora o que me cumpría era comer algo e quedaba como novo! *(Sente a bolsa das moedas de baixo dunha perna)* ¿Que é isto...? ¡O diñeiro! ¡Con isto podo pedir de comer! *(Axita a bolsa: clin. Insiste: clin)* Xa sei algo sobre o tal diñeiro: que se esfuma.

(Aparece a moza da taberna)

MOZA: ¡Por fin saíu o sol, pois desta monto a terraza! *(Recoñece a Arlequín)* Ah, segue vostede aí, pois sítollo moito pero a miña nai os seus argumentos non a convencen.

ARLEQUÍN: ¿E convenceríaa estoutro... *(Fai soar a bolsa)* ... argumento?

NAI DA MOZA: *(Aparece de súpeto e recoñece o diñeiro)* ¡Señor, non hai argumento máis convincente no mundo! ¿Quere comer aquí mesmo ou prefire que pasemos dentro? Si, será mellor que pasemos dentro...

(Séntese a voz de arxentina desde fóra)

ARXENTINA: *(Desde fóra)* ¡Pero outra vez coa mesma historia!

ARLEQUÍN: *(Recoñece a voz; Fálalles ás mulleres da taberna)* Vaian servindo a mesa, eu vou dentro dun pouco.

(A Moza e a Nai vanse rosmando; Arlequín escóndese preto da porta da taberna para admirar a Arxentina)

ARXENTINA: *(aínda desde fóra)* ¿E non será outra falsa alarma!

(Coa cabeza moi alta e seguro de si, o Capitán Milhomes camiña diante de Arxentina, tras ela aparecen Lelio e Escapín)

CAP. MILHOMES: *(Con retranca)* ¡Falsa alarma..., si, unha falsa alarma con pernas, con brazos, con boca, con nariz, con pelo,... *(Mira para onde debería estar Arlequín e ve que non está.)*

ARXENTINA: Pelo é o que me está a tomar vostede a min...

CAP. MILHOMES: ¡Pero se estaba aí!

ARXENTINA: Vaia, empezamos de novo. *(Burlona)* ¿Quen estaba aí?

CAP. MILHOMES: O morto!

ARXENTINA: ¿Que morto?

CAP. MILHOMES: O que estaba aí. *(Mirando. Enfádase.)* Ninguén lle toca os galóns ao Capitán Milhomes! ¡Maldito morto desertor, morto insubmisio! *(Índose)* Como te colla vas parar ao pelotón de fusilamento! *(Vaise o Cap. Milhomes)*

ARXENTINA: Este tolo está disposto a matarme a sustos...

LELIO: Colleuna con que o teu home está morto...

ESCAPÍN: Pero eu sei que non o está.

ARXENTINA: Non, non o está! Ás veces mesmo sinto a súa presenza preto miña.
Teremos que seguir buscando amigos.

(Entra o vello Pantalone)

PANTALONE: *(Berra)* ¡Arxentina, Arxentina!

ARXENTINA: Si, meu amo...

PANTALONE: ¿Por onde andas metida? ¿Que facedes aquí?

ARXENTINA: Perdoe meu amo é que andamos buscando....

PANTALONE: ¿Buscando?

ARXENTINA: Si señor Pantalone, andamos buscando...

PANTALONE: *(Córta lle)* O que andades buscando e un desgusto comigo. ¿E o meu xantar? ¡Hai moitísimo tempo que debería estar servido..., moitísimo tempo..., sete minutos, polo menos! .

ESCAPÍN: Tampouco é para tanto, comeu onte....

PANTALONE: Comín.

ESCAPÍN: E vai comer mañá...

PANTALONE: Claro.

ESCAPÍN: ¿Pois que máis dá que non coma hoxe?!

PANTALONE: ¡¿Que?! ¡Marcha para casa Escapín e prepara a mesa! *(Vaise Escapín)*

ARXENTINA: Nada meu amo..., agora mesmo vou preparar lle o seu xantar.

PANTALONE: *(Compunxido)* Non, deixa..., non teño fame.

LELIO: *(Preocupado)* Pai, ¿estás enfemo?

ARXENTINA: ¡¿Non ten fame?! *(achégase a el agarimosamente)* ¿E logo, que lle pasa
?

PANTALONE: Pois pásame..., pásame..., pásame que estou namorado.

LELIO: Pero, ¿outra vez?

ARXENTINA: Amo, xa sabe o que lle dixo o médico.

PANTALONE: Bah, bah bah, bah,... o médico. Precisamente estaba buscándote para darche esta carta...

ARXENTINA: ¡Outra carta! ¡Non, non, outra carta non, diso nada! ¡Non quero saber máis nada de cartas!

PANTALONE: ¿Pero ti que dis?

ARXENTINA: Digo que por culpa dunha carta que me entregou o seu fillo Lelio...

PANTALONE: ¿Que meu fillo Lelio tamén che entregou unha carta?

ARXENTINA: Entregou, si, debe ser unha teima de familia...

PANTALONE: Pois agora eu entrégoche outra e quedamos a pre.

ARXENTINA: (*Amolada*) Traía, traía... ¿para quen é?

PANTALONE: ¡Para Rosaura!

ARXENTINA: ¿Para Rosaura? Non, non,,,,,,diso nada

PANTALONE: ¡¿Como!?

ARXENTINA: ¡¡Que non a levo!!

PANTALONE: ¿Desobedeces ao teu amo?

ARXENTINA: Si, non pode ser.

PANTALONE: ¡Pois entón quedas despedida!

ARXENTINA: ¿Que?

PANTALONE: ¡Despedida!

ARXENTINA: (*Confundida*) ¡Pero meu amo..., eu..., a carta..., Rosaura..., o seu fillo!

PANTALONE: ¡Despedida dixen! Lelio, acompañame a casa. (*Saen Pantalone e Lelio.*)

ARXENTINA: ¡Moi ben, pois despedida!

(Dende a taberna unha voz chama a Arlequín)

MOZA: ¡Señor, a súa comida está na mesa!

ARLEQUÍN: *(Desde o seu agocho non sabe por que decidirse, se seguir a Arxentina ou ir comer. Decide ir comer)* ¡Vou agora mesmo!

ARXENTINA: *(Que non viu a Arlequín)* ¡É a voz do meu honre! ¡Arlequín, ¿onde estás?!

(Arxentina bota a correr na dirección da voz. Cando se achega á Taberna sae a Moza).

MOZA: Ahá, ¿que quere, señora?

ARXENTINA: Dígame, por favor, ¿non estará na súa taberna un home chamado Arlequín?

MOZA: ¿Arlequín? ¿E como é ese tal Arlequín?

ARXENTINA: Pois é alto, espelido e con cara de león valeroso.

MOZA: Non, así non lle hai ningún. Se fose baixo, chaparro e con cara de gato esfameado...

ARXENTINA: En fin, non sei. . ., si, tamén podería ser así...

MOZA: Pois así tampouco lle hai ningún.

ARXENTINA: Pois eu dígolle que ten que estar aí será mellor que entre eu mesma para comprobalo.

MOZA: *(Cortándolle o paso)* A modiño, señora, vostede non entra na taberna sen antes eu saber que é o que pasa.

ARXENTINA: E eu dígolle que teño que entrar aí para buscar un home (Sae a taberneira)

TABERNEIRA: ¿Pero que berros son eses? ¿Que pasa ás portas da miña taberna?

MOZA: Ah, xa sei eu, temos a unha desas damiñas que andan polas fondas preguntando por homes que non coñecen para así coñecelos e..., xa me entende...

ARXENTINA: *(Ofendida)* ¡¿Que?!

 Mira baballas, eu sei ben a quen busco, así que vou entrar.

(Arxentina vaille bater a Moza cunha banqueta, pero nese momento asoma o vello Pantalone, coitelo e garfo na man e pano de comer pendurado do pescozo).

PANTALONE: Arxentina, Arxentina,... ¿e o meu xantar?

ARXENTINA: ¿Pero non estaba despedida?

PANTALONE: Vaia, pois tes razón. Iso...idespois do xantar estás despedida! E agora imos, que teño fame. Señora, señorita. *(saúda antes de saír)*

ARXENTINA: Xa estamos co de sempre. Señora, baballas *(bátelle á Moza antes de saír)*.

(Arlequín sae correndo, machicando, tragando os últimos bocados)

ARLEQUÍN: Vaia, xa non está! Se cadra debín falarlle antes, en vez de ir comer, mais coa fame que tiña acabaría falándolle coas tripas. Non, foi mellor así, que coa barriga chea ámase máis a gusto. ¡Carallo, estou feito un filósofo! Vou ver se a atopo.

TABERNEIRA: ¿A onde vai, señor? ¿Que, comeu ben?

ARLEQUÍN: Moi ben, señora.

MOZA: E seguro que saberá vostede ser un home agradecido

ARLEQUÍN: Ah, si ..., grazas, moitas grazas. Ata logo.

MOZA: Refírome a agradecido, agradecido, agradecido.

ARLEQUÍN: ¡Si, claro, a comida estaba boísima e o local está moi limpo, limpísimo. Así que grazas, grazas, grazas. E agora, por favor, teño que marchar ...

TABERNEIRA:(Ponse diante e preto de Arlequín). Se cadra non coñece o costume ...

ARLEQUÍN: ¿Que costume?

TABERNEIRA: Cando un vai á taberna ... tense unha cortesía co servicio.

ARLEQUÍN: ¿Quere que lle dea un abrazo?

MOZA: Moitas gracias, pero non..., falámoslle da propina ... a pro-pi-na. ¿Entende?

ARLEQUÍN: ¿Que me falan de quen?

TABERNEIRA: *¿De onde demo saíu este ghicho? Iso, señor, quere dicir que cando un está contento porque vai ben servido, dánselle unhas moedas a quen o serviu ...*

ARLEQUÍN: Ah, e *¿cantas quere?*

MOZA: *As que vostede queira.*

ARLEQUÍN: *¿Eu? Eu non quero ningunha ...*

MOZA: *As que vostede queira darme.*

ARLEQUÍN: *¿E cantas hai que querer dar?*

MOZA: *Iso depende da súa xenerosidade.*

ARLEQUÍN: *¿E canto hai que ser de xeneroso?*

TABERNEIRA: *(Desesperada) ¡Mire, se non quere dar nada, non dea e xa está! (Vaise cabreada)*

ARLEQUÍN: *Non, non se poña así... (Fálalle á Moza) Se a min tanto me ten ... (Colle a bolsa e bótalla) Teña, colla vostede mesma.*

MOZA: *Pero señor...*

ARLEQUÍN: *Colla as que necesite.*

MOZA: *Non, se necesitar... non é que necesite.*

ARLEQUÍN: *¿Entón se non necesita para que pide? (Retíralle a bolsa)*

MOZA: *Señor, eu non ousaría. É vostede quen ten que coller unhas moedas e...*

ARLEQUÍN: *¿Eu? ¡Hui que lería! ¿E eu para que quero coller unhas moedas se teño toda a bolsa?*

MOZA: *¡Para darmas!*

ARLEQUÍN: *¿E cantas quere que colla?*

MOZA: *As que vexa.*

ARLEQUÍN: *¿As que vexa?*

MOZA: *(Desesperada) ¡¡¡Si!!!*

ARLEQUÍN: *(Vendo dentro da bolsa) Muller, eu ver o que se di ver, véxoas todas*

iasí que tome!, (*Achégalle a bolsa*).

MOZA: Non, home, non é iso...

ARLEQUÍN: ¡Non me maree! Mire, a súa nai colleu seis moedas destas polo meu xantar.

MOZA: ¡Seis pesos?! Chámalle parva.

ARLEQUÍN: ¿Quere vostede outras tantas?

MOZA: Eu señor ... abráiame a súa xenerosidade ...

ARLEQUÍN: E a min a importancia que lles dan a estes ferranchiños... ¿A ver, quéreas ou non?

MOZA: En fin, se se empeña

ARLEQUÍN: Non, se eu non me empeño..., por min eu collo as moedas... (*Vainas gardar*)

MOZA: (*Colléndolle as moedas*) ¡¡¡Traía, traía para acá, non comecemos de novo!!!

ARLEQUÍN: Aí, muller... mire que lle deu voltas. E non pense que son parvo... Ben me vou decatando de que debe ser moita propina...

MOZA: Señor, eu...

ARLEQUÍN: Mais non importa, que xa que aquí hai que pagalo todo, ben podería servir de pago dun favor que lle vou pedir.

MOZA: Non ten máis que falar (*ofrecéndolle asento*).

ARLEQUÍN: Vostede é unha muller, eu son un home inexperto.

MOZA: Entendo...

ARLEQUÍN: O problema é..., ¿como decírllo? Alá vai: ¡¡¡Eu estou namorado dunha muller!!!

MOZA: ¡Ah! Ben, ¿era iso?

ARLEQUÍN: Pero está casada.

MOZA: Ah... Non sabe canto llo sinto.

ARLEQUÍN: ¿E estaría mal que eu a pretendese, mesmo estando casada?

MOZA: Iso depende de como sexa o marido. Se é grande e forte estaría moi mal..., ata sería perigoso.

ARLEQUÍN: O seu marido é un morto. Un morto que non aparece por ningures...

MOZA: Logo o que está é viúva; daquela non hai perigo ningún, pode preténdela canto queira.

ARLEQUÍN: ¿E mesmo casar con ela?

MOZA: Se quere, si...

ARLEQUÍN: Porque a xente casa, ¿non é? Un home que non coñezo e que dicía ser o meu amigo, díxome que eu mesmo podería estar casado.

MOZA: ¿E por que non?

ARLEQUÍN: ¿E como fai a xente para casar? *(Sae a taberneira; escoita)*

MOZA: Pois, procura unha muller que lle agrade...

ARLEQUÍN: Poñamos que xa a atopei...

MOZA: E que lle conveña.

ARLEQUÍN: Segura que me convén

(Intervén a taberneira)

TABERNEIRA: Hui, non se fíe a primeira vista, señor; ande con ollo, é vostede un novato e podería caer en moi malas mans.

ARLEQUÍN: Iso non o sabía eu. Instrúame, por favor.

TABERNEIRA: Hai malas mulleres que andan por aí a pescar homes. Cóidese das que se lle botan nos brazos á primeira palabra, das que lle andan con demasiadas caricias e aloumiños, das que lle din meu amor, meu corazón, meu homiño, aínda que sexa a primeira vez que o ven; si, haille enganadoras que van por aí dicíndolles a todos os homes que son o seu home.

ARLEQUÍN: Vaia, con iso non contaba eu.

TABERNEIRA: Nin eu, mais o carallán do meu home si.

MOZA: En fin, señor, temos que volver para dentro; gracias pola súa xenerosidade. Outro día miña nai contaralle o resto.

ARLEQUÍN: Carallo, non supuña eu que fose tan complicado isto do amor. ¿Como era?. Hai que se coidar das que se che botan nos brazos á primeira palabra, das que che andan con demasiadas caricias e aloumiños, das que lle chaman meu amor, meu corazón, meu homiño a calquera que chega, aínda que sexa a primeira vez que o ven. Que sorte, seguro que a que eu amo non é unha desas.

(Entra Arxentina)

ARXENTINA: Estou certa de que a voz que oín na taberna era a do meu home, e seguro que aínda está aí dentro...

(Repara en Arlequín. Arlequín ve a Arxentina)

ARLEQUÍN: ¡Aí a está! Señorita...

ARXENTINA: *(Leva unha inmensa sorpresa; está tola de alegría; bótaselle nos brazos)* ¡Arlequín!! *(Desmaia)*

ARLEQUÍN: Pois si que me saíu ben..., botouseme nos meus brazos á primeira palabra..., inon sabía que fose tan irresistible! *(Decatándose)* ¡botouseme nos meus brazos á primeira palabra! ¿E non será que...? Pero non, imposible, con esta cariña de anxo que ten....

(Niso acorda Arxentina e pónselle a facer caricias e aloumiños)

ARXENTINA: Deixa que te mire.

ARLEQUÍN: ¡Que caricias, que aloumiños! *(Decatándose)* ¡Demasiadas caricias, demasiados aloumiños..., hui, hui, hui que...! Pero non, non pode ser..., con ese arrecendiño fresco e doce que ten...

ARXENTINA: ¡¡Meu homiño!!

ARLEQUÍN: *(Cóllense das mans)* Díxome meu homiño e é a primeira vez que me ve... ¡Non hai dúbida! *(Sóltalle as mans)* ¡¡Eu non a coñezo de nada, señora!!

ARXENTINA: ¡Non te poñas así, deixa que che explique!

ARLEQUÍN: Non ten nada que explicarme, señora, ben sei eu que clase de muller é vostede....

ARXENTINA: ¡O que fan os ciúmes! Non é o que ti pensas...

ARLEQUÍN: ¡É o que eu penso, si, é o que eu penso..., é vostede unha mala muller, unha muller enganadora! Adeus señora. (*Vaise*)

ARXENTINA: Pero mira que... (*Fica chorando*)

(*Entra pantalone*)

PANTALONE: ¡Arxentina, Arxentina, outra vez na rúa! ¿Esqueciches a carta que tiñas que entregar?

ARXENTINA: ¡Mire, non me fale de cartas, non me fale de cartas que non está o forno para bolos! O meu home Arlequín, atopou na miña faldriqueira a carta do seu fillo Lelio, e cos ciúmes que lle entraron...

PANTALONE: ¿Ciúmes? ¿E que tiña esa carta para que lle tivesen que entrar tantos ciúmes a Arlequín?

ARXENTINA: (*Córtase*) Non, non llo podo contar, son cousas íntimas.

PANTALONE: ¿Cousas íntimas? Hui, hui, hui, hui, ...

ARXENTINA: Son cousas do corazón.

PANTALONE: ¡¿Cousas do corazón?! ¡Que contes digo!

ARXENTINA: Non.

PANTALONE: ¿Segredos co teu amo?

ARXENTINA: Si.

PANTALONE: ¡Pois xa sabes: des-pe-di-da!

ARXENTINA: Vale, vale vale.., era unha carta de amor.

PANTALONE: ¿Unha carta de amor! ¿Entón ti e o meu fillo Lelio....?

ARXENTINA: ¡Pero que parvadas se lle ocorren! Iso foi o que pensou Arlequín. (*Chora*) Por iso marchou da casa. Pero a carta non era para min.

PANTALONE: ¿Que a carta non era para ti? ¿e logo, para quen era?

ARXENTINA: Pois era para..., era para. . . ., (*Rompe a chorar*) ¡Non llo podo dicir, prometinllo ao seu fillo Lelio e eu son unha muller de palabra!

PANTALONE: ¡Con que es unha muller de palabra, pois eu son tamén un home de palabra, así que estás despedida!

ARXENTINA: Pero patrón se....

PANTALONE: ¡Despedida!

ARXENTINA: *(Rompendo a chorar chea de rabia)* ¡Moi ben, pois despedida! ¡Así é como lle agradecen a unha a lealdade! *(Vaise chorando)*

(Arxentina foise chorando e queda Pantalone en escena)

PANTALONE: Vaia, e Arxentina non me levou a carta. ¡Xa sei! Falarei eu con Arlequín e aclararei o asunto...., así Arxentina en agradecemento aceptará dicirme quen é a que ama o meu fillo... *(Vendo a súa carta)* E levaralle esta carta a esa que eu amo. Terei que buscar a Arlequín.

(Entra o Xuíz e os seus axudantes.)

XUÍZ: ¡Pero señor Pantalone!

PANTALONE: ¡Vaia, o meu amigo o Xuíz Minuta!

XUÍZ: Querido señor Pantalone, é unha sorte que coincidamos vostede e mais eu no mesmo lugar do espacio e no mesmo intre de tempo, e todo isto nun mesmo tempo e ao propio tempo no mesmo lugar...

PANTALONE: ¡¡Ah!! ¡Quere dicir que está contento de atoparme! ¿E por que?

XUÍZ: Porque andaba buscando a alguén a quen poder contarlle os pormenores da miña última instrucción, para que vexa con que perspicacia a resolvín. Verá, resulta que un tal Arlequín...

PANTALONE: ¡¿Arlequín, dixo Arlequín?!

XUÍZ: Dixen, si.. ¿coñéceo?

PANTALONE: É o home da miña criada... ¿Por onde andaba?

XUÍZ : Non andaba....

AXUDANTE1º: *(Explica)* Estaba deitado....

PANTALONE: Estaría durmindo, coma sempre.

XUÍZ: Durmindo coma sempre, non; durmido para sempre...

PANTALONE: ¿Como?

AXUDANTE 2º: Que estaba morto!

PANTALONE: ¿Morto?

XUÍZ: Si, morto, falecido, decesado, finado (*Sinala ao escribán para que remate a frase*)

ESCRIBÁN: "Vita conclusa per omnia secula seculorum". (*O Xuíz asinte satisfeito*)

PANTALONE: ¡Non pode ser..., pero se antes estaba vivo...!

XUÍZ: ¡Sabia observación! Que xa o dicía Aristóteles.... (*De novo diríxese aos seus axudantes*)

AXUDANTE 1º: Para estar morto,...

AXUDANTE 2º: ... antes hai que estar vivo.

ESCRIBÁN: "Conditio sine qua non".

PANTALONE: (*Cortándoos*) ¡Non, non e non! Se Arxentina estivo falando con el hai un cacho!

XUÍZ: ¿Con el...?

AXUDANTE 1º: Pois sería coa súa ánima...

XUÍZ: (*Ao axudante 2º*) Dalle aproba do suicidio do finado. (*Dalle o papel que lle colleron a Arlequín*)

AXUDANTE 2º: Mire, tiña este papel nun peto. Lea e compróbeo vostede mesmo...

PANTALONE: Matouse. Matouse por amor, que bonito!

XUÍZ: ¡¿Que?!

PANTALONE: (*Rectificando*) Que triste, quero decir. E todo por unha confusión. (*Laíase*). Ai, ai, ai, o corazón!

XUÍZ: Meu pobre, é tan sensible! Sente, sente aí e acougue évoulle por un vasiño de auga, si?

PANTALONE: Chsi ...

(O Xuíz seguidos dos seus axudantes, vanse; queda Pantalone sentado)

PANTALONE: Este Arlequín, que carraxento, mira que vir desde o outro mundo para reprocharlle á viúva. ¡Pobre Arxentina! ¿Como lle digo eu agora todo o que sei? Ai, ai, ai, ai o amor. *(Recita)*

(Entra Arlequín; escoita a Pantalone e achégase)

ARLEQUÍN: *(Fálalle)* Que, ¿non van ben as cousas?

PANTALONE: *(Sen velo)* Non van, meu fillo, non van ..., o amor...

ARLEQUÍN: *(Póusalle as mans no ombro)* Ah, se por amor é non se preocupe, que de amor ninguén morre nestes tempos.

PANTALONE: Ai non, eu sei dun que tiña a mesma voz ca ti, *(apálpalle a man)* e as mesmas mans ca ti, *(virase e mira cara el)* e a mesma cara ca ti ... *(Repara, cun gran susto, en que é Arlequín e tenta fuxir).*

ARLEQUÍN: ¿Por que foxe, señor, de que ten medo?

PANTALONE: *(Fálalle ao público)* É a ánima de Arlequín

ARLEQUÍN: Mire, precisamente estaba buscándoo.

PANTALONE: ¿Buscándome a min?

ARLEQUÍN: Si, a vostede.

PANTALONE: ¡Lagarto, lagarto!

ARLEQUÍN: Eh, sen faltar, lagarto serao vostede que anda máis arrastrado.

PANTALONE: Perdoe, non era a miña intención...

ARLEQUÍN: Non se preocupe, é que lle quería falar.

PANTALONE: ¿Falar-me?

ARLEQUÍN: Si, para que veña comigo.

PANTALONE: ¿Para que vaia contigo? *(Ponse de xeonllos e reza)* Señor, señor, ¿Por que me mandas buscar se aínda son novo, por que se estou na flor da vida? Pensa nas mozas desta cidade, ificarán desconsoladas se me perden!

ARLEQUÍN: ¿Pero, que fai? Veña, veña, señor.

PANTALONE: ¡Non Arlequín, non! ¡Cinco minutiños máis!

ARLEQUÍN: ¿Arlequín!? ¡Que teima! ¡Eu non son Arlequín!

PANTALONE: ¿Como?

ARLEQUÍN: ¡Que non son Arlequín!

PANTALONE: Pois es idéntico a el...

ARLEQUÍN: Debo selo, si, posto que todo o mundo me confunde con el ... ¡Pero non o son!

PANTALONE: Daquela non estás morto ...

ARLEQUÍN: Que eu saiba, non.

PANTALONE: E di ..., así que vostede non é Arlequín ...

ARLEQUÍN: Non señor ...

PANTALONE: Pero é igualiño que Arlequín (*Ten unha idea, examina a Arlequín*)

ARLEQUÍN: Igualiño, parece ser.

PANTALONE: ¿E está vostede casado?

ARLEQUÍN: ¡Que máis quixera! Precisamente quería que vostede me dera un consello.

PANTALONE: (*Córtao*) Eu sei da muller perfecta para ti

ARLEQUÍN: ¡Vaia, que rápido! Pois imos por ela.

PANTALONE: Non, non, vostede espere aquí que agora lla traio.

ARLEQUÍN: Será mellor que o acompañe, non vaia ser que...

PANTALONE: ¡Que lle digo que espere aquí!! (*Vaise*)

ARLEQUÍN: Vaia, non entendo, ... en fin, esperarei, ... ¡que sede teño!, ¡io que daría eu agora por un vasiño de auga!! (*Entra o Xuíz cun vaso de auga na man*) ¡Ah, gracias, que oportuno. (*Cóllelle o vaso de auga e bébeo*).

XUÍZ MINUTA: ¡Eh, pero se non era para vostede! En fin, irei por nutro ... (*Vaise*)

ARLEQUÍN: Moito tarda ese señor, estou impaciente por ver que me trae, vouno buscar. (*Vaise*)

(Entra Arxentina ansiosa, seguida de Pantalone. Ao ver que Arlequín non está encomódase)

PANTALONE: Vaia, ¿onde se metería ese galopín? *(A Arxentina)* Tranquila, tranquila, xa eu falei con el e está todo arranxado. Quere esquecelo todo.

ARXENTINA: ¿Esquecer? ¿E que ten que esquecer se eu non fixen nada?

PANTALONE: Xa, xa... pero os ciúmes tresvariáronlle o caletre un pouco. Agora Arlequín é un home distinto.

ARXENTINA: ¿Distinto?

PANTALONE: Claro. Mira, é mellor non remexer máis no asunto, ti síguelle a corrente. El o que quere é volver a empezar.

ARXENTINA: ¿Volver a empezar?

PANTALONE: Si, como se te acabase de coñecer; quere casar outra vez, ser felices de novo...

ARXENTINA: *(Abrazando a Pantalone)* ¡Meu amo, meu amiño, ¿como llo poderei agradecer eu *(Pantalone ensínalle a súa carta)* ¡¿A carta?! ¡¿Como lle teño que dicir que non quero saber máis nada de cartas?!

PANTALONE: Des-pe-di...

ARXENTINA: Vale, vale, traia, traia *(Mete a carta no seu mandil)*. Lévoa despois, agora ao que importa: ¿onde está?

PANTALONE: ¿Onde está? ¿Onde está? Está, está..., pois está...

(Nisto entra Arlequín que non ve a Arxentina.)

ARLEQUÍN: Home, ¿onde se meteu?

PANTALONE: *(A Arxentina)* Mira, aí o tes. *(A Arlequín)* Aí a ten.

ARLEQUÍN: ¿Que me trae aquí?! ¡Esa é unha mala muller, unha muller enganadora!

ARXENTINA: Pero Arlequín ... *(Triste)*

ARLEQUÍN: Antes, sen me coñecer de nada, botouseme nos brazos e chamoume "meu homiño".

PANTALONE: Claro, porque o confundiu co seu marido Arlequín: como son idénticos!

(Pantalone leva a Arlequín a parte para contarlle a historia) Meu amigo, o marido desta muller está morto.

(Entra o Xuíz Minuta con outro vaso de auga. Arxentina desconsolada cólleo o bébeo)

ARXENTINA: Hui, que atento! Gracias

XUÍZ MINUTA: Pero se non era para...! En fin, irei por outro. *(Vaise o Xuíz)*.

PANTALONE: *(Segue a falar con Arlequín, e sinala a Arxentina)* Miña pobre, e agora está trastornada pola tristura. Vostede sígalle a corrente ...

ARLEQUÍN: En fin, se todo o mundo quere que sexa Arlequín sereino con todas as súas consecuencias. *(Mira a Arxentina)* ¡E de boa gana! *(Indo cara a ela)* ¡Arxentina!

ARXENTINA: *(Indo cara a él)* ¡Arlequín!

PANTALONE: Agora hai que buscar a alguén que vos case.

(Aparece a moza da taberna)

MOZA DA TABERNA: ¡Vaía, por fin animouse o día! ¿Queredes que prepare a terraza?

ARLEQUÍN: ¡A moza da taberna! Que nos case ela *(Arxentina e Pantalone estráñanse)*. Ela e a súa nai, son entendidas na materia.

MOZA DA TABERNA: *(Entusiasmada)* Eu, señor, o que o cliente queira: que o cliente quere emborracharse,, eu póñoille viño; que quere casar, eu póñoille o xugo ...

TODOS: ¿Que?

MOZA DA TABERNA: Nada, nada, ... Non hai tempo que perder: ¿Este, queres a esta por esposa? *(Arlequín non ten tempo de responder)* "Siii, claro". Perfecto. ¿Esta, queres a este por marido? *(Sen darlle tempo a Arxentina para responder)* "Tamén". Así me gusta. Agora as arras

ARLEQUÍN: ¿O que?

MOZA DA TABERNA: O diñeiro, as moedas ...

ARLEQUÍN: Carai, nesta cidade non se fai nada sen diñeiro, ata para casar fai falta!

MOZA DA TABERNA: É un símbolo, parvo

ARLEQUÍN: ¡É un roubo!

(Arlequín dálle a Arxentina a bolsa do diñeiro; ela méteo no mandil)

MOZA DA TABERNA: Eu declárovos marido e muller. Agora, o anel ...

ARLEQUÍN: ¿Que anel? Eu non teño ningún anel.

MOZA DA TABERNA: Si, levas un posto no dedo.

(Pantalone tira o anel do dedo de Arlequín e ponllo a Arxentina; os dous entran nunha especie de transo)

ARLEQUÍN: ¡Ah, traidora, mala muller, enganadora, ¿que me fixeches?!

ARXENTINA: *(Que ten agora o anel no dedo)* ¿Pero quen é este señor? ¿Que lle pasa, por que berra dese xeito?

PANTALONE: Pero, ¿non o coñeces?

ARXENTINA: ¿Eu? De nada, non o vin na miña vida. E a vostede tampouco.

MOZA DA TABERNA: Pero se acaba de casar con el hai un intre.

ARXENTINA: ¿Que eu casei con ese espantallo? ¡Pois esixo o divorcio inmediatamente!

MOZA DA TABERNA: Xa sabía eu: cada día duran menos os matrimonios. Pois veña, fóra o anel.

ARXENTINA: ¿O anel? ¿Que anel?

MOZA DA TABERNA: Ese.

ARXENTINA: *(Repara no anel)* ¿Quen me puxo esta trapallada no dedo?

PANTALONE: Eu...

MOZA DA TABERNA: El... *(por Pantalone)*

ARLEQUÍN: *(Desconcertado)* El? *(por Pantalone)*

ARXENTINA: *(Tira o anel do dedo e dállo a Arlequín)* ¡Pois tome, eu non o quero!
(Transformase de novo; ve a Arlequín) ¡Meu amor, meu gatiño agarimeiro!

ARLEQUÍN: ¡O anel, claro, non me lembraba; o anel máxico!

PANTALONE: ¿O anel máxico?

ARXENTINA: ¿O anel máxico?

(Aparece Escapín)

ESCAPÍN: ¿Onde hai un anel máxico? *(Sae tamén a taberneira)*

ARLEQUÍN: *(Falando para todos)* É unha historia moi Longa. Xa vola contarei máis tarde *(Vai cara a Arxentina)* ¡Arxentina, meu amor!

ARXENTINA: ¡Arlequín! *(Abrazanse)*

PANTALONE: Ai, o amor, o amor, ... que bonito, que bonito *(disimula)* ...¡que día máis bonito! *(A Arlequín)* ¿Sabes? A carta de amor que atopaches no seu mandil non era para ela.

ARLEQUÍN: ¡¡¿ Ah, non?!!, ¡¿entón para quen era?!

(Aparecen Lelio e Rosaura collidos das mans)

LELIO: Deilla eu para que lla levara a Rosaura.

PANTALONE: ¡Rosaura! ¿Queres dicir Lelio, que estás namorado da miña Rosaura?

LELIO: ¿Da túa Rosaura? ¡Rosaura quéreme a min! Xa estamos facendo plans para casar.

ARXENTINA: Paréceme señor Pantalone, que perdeu unha noiva mais gañou unha nora.

(A Pantalone dálle un soponcio e desmalla. Todos queren darlle aire).

ARXENTINA: ¿Que facemos? Temos que pedir axuda.

(Entra o Actor co seu bocadillo, e o Xuíz Minuta co vaso cheo de auga)

O ACTOR: Tranquilos, tranquilos todos; eu fixen un cursiño de reanimación. *(Achégase a Pantalone)* Creo que unha masaxe torácica e o boca a boca, son as medidas oportunas.

(Pantalone érguese)

PANTALONE: ¡Ah, non! Iso si que non, ¿o boca a boca? Iso non estaba na obra de Coldoni. Xa sabemos que no teatro vale todo, ¡pero facer o boca a boca ti e mais eu, non! Eu non estaba a piques de morrer, só facía o morto... ¿e cando vas acabar o bocadillo?

O ACTOR: Está ben, pero eu vou ocupar o meu posto no escenario. *(O Actor vaise en busca dunha cadeira; pona no extremo do escenario; senta e seque a comer o bocadillo).*

(Rosaura achégase e bebe o vaso de auga)

XUÍZ MINUTA: Pero se non era para...! Espera, eu te coñezo... Ti quen ves sendo?

TODOS.- Rosaura!

ARXENTINA: *(A Pantalone)* ¿Ve, meu amo, como non podía dicirllle para quen era a carta?

PANTALONE: ¡Despedida! *(O Xuíz)* ¡Traia o vaso de auga! ¡Media hora para traer un vaso de auga! ¡Nin que estivesemos no deserto! *(Comprobando que non hai auga)* ¡Todos están contra min!

ARLEQUÍN: ánimo don Pantalone, non se poña así, pense nas mozas desta cidade. ¿Non se lembra de ningunha?

PANTALONE: En fin, mirado así... *(queda cavilando)*

ARLEQUÍN: ¡Pois veña, isto hai que celebralo! ¡Taberneira, comida e bebida como para unha voda!

(Comenzaran todos a cantar)

TABERNEIRA: ¡Un momento! ¡Alto! ¿E quen vai pagar?

ARLEQUÍN: ¡E dálle! ¡Que teima! ¡Pagamos nós que temos diñeiro! *(Mete a man no mandil de Arxentina e atopa a carta de amor de Pantalone)* ¡¿Eh, que é isto?!

¡Outra carta! ¡Ah enganadora, viciosa, mala muller... *(Todos separan e calman a Arlequín)*

PANTALONE: ¡Esa é a miña carta!

ARLEQUÍN: ¡Pantalone! ¡Eu mátovos!

(Todos separan e calman a Arlequín, de novo.)

MOZA DA TABERNA: Mira xa está ben; tampouco tes que meterte tanto no papel; outro día faremos outra obra con final violento. ¡E agora veña, á taberna todos!

(Todo o grupo se alegra e canta. Entra o Capitán Milhomes: parece outro. O grupo queda en silencio)

CAPITÁN MILHOMES: O do morto desaparecido foi un sinal, unha chamada interior que me fixo coñecer a min mesmo. ¿Que son? Son unha bolboreta alegre e bulideira que bolborexa de flor en flor; son un paxariño libre e lixeiro no ar. Son o voso irmán, somos iguais, somos seres máxicos. O mundo, non é un escuro misterio; o mundo é unha sorpresa agarimosa. *(Repara no anel)* Oh, un anel. Que cousa máis fermosa, máis chea de sentido. Vou ver como me queda. *(Pono no dedo e ponse como se entrase en transe)*. ¡Ahhh! *(berra transformándose)* Son un león, son un tigre de vengala, son un oso, son o Capitán Milhomes! ¡¿Recordádesme?! ¡Son o terror espantoso dos campos de batalla! *(Vólvese con furia; todos se asustan, todos marchan. O Capitán Mil Homes vai buscar unha cadeira e senta fronte o Actor)* ¿Que tes?

O ACTOR: ¡Teño un de chourizo e outro de queixo!

CAPITÁN MILHOMES: Pois pásame o de chourizo, e se é picante mellor! *(Soa unha música de festa suavemente. Levántase o Cap. Milhomes e fálalle o público; quita o anel do dedo)* Tomen, señores, e vaiano pasando de dedo en dedo; así esquecerán as nosas insuficiencias e os defectos desta peza *(tira o anel ao público)* Dálle.

(A música sube o volumen. O Actor e o Capitán Mil Homes saen polo fronte, e tras eles van saíndo todos os actores).

E FINAL DO ANEL MÁXICO.